



<b>Expediente</b>	1604/2024
<b>Código SIA</b>	1441036
<b>Procedemento</b>	Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)
<b>Asunto</b>	APROBACIÓN DO REGULAMENTO REXIME INTERNO (RRI) PISCINA MUNICIPAL CUBERTA AS LAGOAS DO CONCELLO DE BUEU
<b>Unidade Xestora</b>	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
<b>Documento</b>	Comunicación órgano xestor
<b>Trámite</b>	Consulta pública previa

**CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO (RRI)PISCINA MUNICIPAL CUBERTA AS LAGOAS DO CONCELLO DE BUEU**

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de aprobación de normas e con carácter previo á elaboración destas, se sustanciará unha consulta pública a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

**A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa**

O Concello de Bueu ten aberta desde abril de 2021 a piscina municipal de As Lagoas cun horario reducido e prestando tan só os servizos de natación no vaso nun total de 42 horas semanais de luns a sábado e a realización das clases de ximnasia municipais dentro das súas instalacións

A previsión do goberno municipal é sacar a licitación o servizo completo da piscina, cun maior horario e unha maior amplitude de servizos tanto no vaso da piscina como nas diferentes salas que integran esta infraestrutura deportiva, tales como clases dirixidas e disposición dunha sala de musculación e da sauna.

Ademais tamén se pretende establecer a posteriori deste regulamento unha ordenanza fiscal reguladora para levar a cabo o cobro polo uso das instalacións.





O mantemento e limpeza da instalación estase levando a cabo nestes momentos con contratos menores polo que é preciso establecer as condicións para que se poida incluír na licitación da prestación dos servizos estas cuestións e que se poidan levar a cabo con maiores garantías e en toda a franxa temporal de apertura da instalación.

## **B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

É necesario aprobar un texto normativo para poder continuar co resto de trámites do servizo para a licitación da prestación do servizo de xestión deportiva, mantemento de instalacións e dotación de maquinaria para as salas de musculación.

Téñense elaborados unha serie de documentos técnicos que permiten iniciar xa o procedemento de contratación cos seus correspondentes pregos de prescricións técnicas e pregos de cláusulas administrativas, ao contarse cun estudo económico financeiro que analiza a situación actual do servizo.

## **C) Obxectivos da norma**

Dotar á piscina municipal de As Lagoas dun regulamento de réxime interno no que se establezan as condicións dos servizos a prestar e as condicións do mesmo para poder licitar a través dun contrato de prestación de servizos a xestión deportiva, o mantemento e a limpeza das instalacións.

Deben establecerse os seguintes aspectos para o correcto funcionamento do servizo:

- a) Disposicións xerais que establezan o obxecto, o ámbito e a descrición das instalacións.
- b) Os dereitos, as obrigas, as definicións, os accesos e as inscricións das persoas usuarias.
- c) A normativa de uso dos diferentes espazos das instalacións.
- d) O procedementos sancionador en caso de incumprimentos.

## **D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias**

- Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.





- Decreto 119/2019, de 19 de setembro, polo que regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.
- Orde do 23 de maio de 1995 pola que se regula a solicitude de apertura e reapertura de piscinas de uso colectivo e se aproba o libro de Rexistro Oficial de Control Sanitario para ditas instalacións.
- Orde do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 54/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario, que figura como anexo único a este anuncio, durante o **prazo de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no taboleiro electrónico do concello de Bueu**, aloxado na sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).

Para o exercizo deste dereito, os cidadáns, organizacións e asociacións que desexen facer chegar as súas suxestións dispoñen dun trámite electrónico no “Catálogo de trámites” da sede electrónica, denominado “Participación na Elaboración de Normativa”, a través do cal poderán realizar a [Tramitación Electrónica](#) e [Descargar instancia](#)

**PUBLÍCASE PROPOSTA DE REGULAMENTO RÉXIME INTERNO (RRI) PISCINA MUNICIPAL CUBERTA ÁS LAGOAS DO CONCELLO DE BUEU**





**ANEXO UNICO- CUESTIONARIO**

**Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa**

**Necesidade e Oportunidade da súa aprobación**

**Obxectivos da norma**

**Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias**





**PROPOSTA DE REGULAMENTO RÉXIME INTERNO (RRI) PISCINA MUNICIPAL  
CUBERTA ÁS LAGOAS DO CONCELLO DE BUEU**

**ÍNDICE.**

**I.DISPOSICIÓNS XERAIS:**

**ARTIGO 1º- OBXECTO:**

O obxecto do presente Regulamento é establecer tanto as normas que regulan o uso da Piscina Municipal de xeito interno, como así mesmo todo o referente ás condicións hixiénico-sanitarias e o tratamento de auga e coa educación sanitaria e o comportamento das persoas usuarias, a súa seguridade, inspeccións sanitarias e réxime sancionador. Todo isto tendo en conta a normativa específica estatal contida no Decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas e no referido ao decreto galego 119/2019, de 19 de setembro, polo que regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.

**ARTIGO 2º- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente regulamento actúa sobre as persoas usuarias, acompañantes e visitantes. Ademais tamén afecta ademais de ao Concello de Bueu ao persoal da empresa contratada para a prestación dos servizos de socorrismo, monitorado, xestión de acceso e mantemento nas diferentes salas da instalación. Estas están dispostas en tres andares e son accesibles a través de escaleiras e elevador.

**ARTIGO 3º -DESCRIPCIÓN INSTALACIÓNS**

A piscina municipal está situada no ámbito de As Lagoas, no número 21 da rúa Johan Carballeira. Conta na planta baixa con tres salas, denominadas por cores vermella, verde e amarela (e con almacéns de uso exclusivo do persoal) de uso público para actividades de musculación e dirixidas; e a sala de instalacións, de acceso restrinxido ao persoal de mantemento.

Na primeira planta están os vestiarios do persoal (masculino e feminino), vestiarios para o público de homes (con sauna), mulleres (con sauna) e mixto (menores de ambos sexos con persoa adulta); baño adaptado para persoas con mobilidade reducida; unha sala para padiola; un despacho de persoal e un despacho de xerencia; a zona de baño accesible a través da zona de praia desde os vestiarios, cun vaso dividido en seis rúas diferenciadas de 20 metros de longo na lámina de auga, cunha profundidade máxima do vaso de 1,57 metros no centro e mínima de 1,27 metros na zona do vaso da dereita saíndo dos vestiarios, no extremo da esquerda a profundidade é de 1,47 metros.

Na segunda planta hai dúas salas para actividades reservadas para uso exclusivo do Concello denominadas por cores branca e vermella e cun almacén para uso do persoal; unha sala de ludoteca con máquina de vending con corredor con acceso a galería sobre vaso da piscina para uso de acompañantes; o acceso a sala de instalacións de paso restrinxido ao persoal de mantemento.

O aforo máximo da infraestrutura é de 400 persoas, sendo o do vaso de 100 persoas.





## **II. PERSOAS USUARIAS: DEREITOS, OBRIGAS, DEFINIÇÃO, ACCESOS E INSCRICIÓNS.**

### **ARTIGO 4º. DEREITOS PERSOAS USUARIAS.**

Dereito a recibir información. Toda persoa ten o dereito de recibir información completa sobre as prestacións dos servizos e a ser atendida cun trato correcto e axeitado, tanto de xeito presencial no acceso como a través do correo electrónico da instalación ou doutras fórmulas que estableza tanto o Concello de Bueu como a empresa prestadora dos servizos.

Dereito ao uso da instalación. A persoa usuaria ten o dereito a acceder e usar as instalacións para a práctica deportiva en base ao tipo de relación que estableza o Concello de Bueu e a empresa prestadora do servizo.

Dereito á protección de datos persoais. De conformidade coa *Ley orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos personales y garantía de derechos digitales*, tanto a empresa prestadora do servizo como o Concello de Bueu comprométese a respectar a confidencialidade dos datos e a empregalos de acordo a súa finalidade establecidos na documentación remitida polo Concello de Bueu.

Dereito a opinar e reclamar. As persoas usuarias terán o dereito a suxerir ou reclamar calquera proposta que considere oportuna, debendo recibir por parte da empresa prestadora dos servizos como do Concello de Bueu os medios para exercitar este dereito. Contará coas correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente.

Dereito ao acceso sen máis trámite que a mera petición, ao propio regulamento do servizo, a toda a información pertinente sobre o funcionamento das instalacións, ás actividades físico deportivas e de saúde que se ofrezan, á cobertura dos riscos, e ás follas ou formularios de queixas, reclamacións e suxerencias que se regularán a través deste regulamento.

### **ARTIGO 5º: OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS.**

As persoas usuarias teñen a obriga dun axeitado uso da instalación e dos seus servizos, acatando sempre as normas sobre o seu funcionamento; o mantemento das normas elementais de hixiene e convivencia e , en xeral, das disposicións do propio regulamento.

Débense seguir as instrucións do regulamento e a das persoas responsables do centro deportivo representadas pola empresa prestadora dos servizos e polo propio Concello de Bueu. As indicacións do socorrista e da sinalización na zona de baño, tanto na parte da praia como no vaso son de obrigado cumprimento para unha mellor organización dos espazos e unha maior garantía de seguridade.

Débese manter un comportamento cívico axeitado e respectuoso en relación tanto ao persoal da instalación como con respecto ao resto de persoas usuarias.

Débense aboar as cotas nos períodos e coas fórmulas establecidas na ordenanza fiscal para o servizo de piscina municipal.

A inscrición en calquera actividade implica a aceptación deste regulamento.

As persoas usuarias teñen a obriga de identificarse cando o solicite o persoal responsable dentro da instalación deportiva.





Débese colaborar na correcta recollida de residuos, debendo empregar as papeleiras e recipientes empregados a tal efecto, atendendo ás indicacións para o seu correcto tratamento.

## **ARTIGO 6º- HORARIO E CALENDARIO APERTURA**

Con carácter xeral o horario da instalación é o seguinte:

-Luns a venres: 7:30 a 13:30 e de 16:30 a 22:00 horas.

-Sábados e domingos: 9:30 a 13:30 horas.

-Festivos: pechado.

O Concello de Bueu poderá propoñer cambios no horario de apertura e peche en función da demanda de uso da poboación e previo informe e conformidade da empresa prestadora dos servizos sen que supoña alteración do contrato licitado.

Contémpanse como datas festivas as do calendario laboral anual a nivel local, galego e estatal.

O Concello de Bueu e a empresa prestadora do servizo poderán levar a cabo peches puntuais ao longo do ano para levar a cabo tarefas de mantemento correspondente, previa comunicación ás persoas usuarias inscritas e ao público xeral mediante diferentes fórmulas de aviso.

## **ARTIGO 7º PROCEDIMENTO ACCESO E INSCRICIÓN**

As instalacións deportivas atópanse a disposición de toda a cidadanía que queira facer deporte para mellorar a súa saúde, tanto persoas maiores de idade como menores.

Recoméndase que a idade mínima para o acceso ao vaso da piscina sexa de seis meses, a non ser prescrición pediátrica que indique o contrario e a máxima a que se indique por parte do persoal médico.

As persoas menores ata os 13 anos inclusive terán que asistir sempre ao vaso acompañadas dunha persoa adulta agás nas actividades que contén con monitorado. Entre os 14 e os 16 anos inclusive deberán presentar unha autorización dalgunha das persoas proxenitoras. A partir dos 16 anos réxiranse ao igual que as persoas adultas.

Na sala de musculación e na sauna non estará permitida a entrada a persoas menores de 12 anos, as que teñan entre 12 e 13 anos terán que vir acompañadas por unha persoa adulta e entre 14 e 16 anos deberán presentar unha autorización dalgunha das persoas proxenitoras.

Existen diferentes formas de inscrición para o acceso ás instalacións:

### **7.1 Persoa aboada**

As persoas aboadas son aquelas que teñen o dereito á utilización da zona de baño, sauna e das salas de musculación e actividades habilitadas para uso público nos horarios de apertura, e tendo en conta as limitacións a persoas menores establecidas neste regulamento.





Deberán acceder á instalación estando inscritas e ao corrente do pagamento, portando a tarxeta ou elemento análogo que acredite tal situación ao seu paso a través dos tornos de control de acceso e a súa integración no correspondente programa informático.

O concepto de persoa aboada mantense ata que se comunique e leve a cabo a baixa do servizo ou se incumpra algunha das obrigas deste regulamento que conleven a perda de tal condición. O cobro fraccionarase en mensualidades en base á ordenanza fiscal da piscina municipal, e realizarase mediante domiciliación ou transferencia bancaria por parte da persoa usuaria ou de xeito telemático polo persoal de recepción previa autorización da persoa.

Existen diferentes tipos de abonos que se regularán coa Ordenanza fiscal da piscina municipal unha vez se formalice a inscrición a través dunha matrícula:

*Individual* para persoas entre 22 e 64 anos ambas inclusive.

*Familiar para dous, tres, e catro ou máis* persoas da unidade familiar censadas no mesmo domicilio. Para a súa aplicación deben presentarse o libro de familia ou ben certificado de parella de feito emitido polo rexistro correspondente.

*Mocidade*, persoas de entre 16 e 21 anos ambas inclusive.

*Terceira idade*, persoas de 65 anos en diante.

*Mobilidade reducida*, persoas que certifiquen un grao mínimo de discapacidade do 33%.

*Abono verán*, persoas que se inscriban de xeito mensual nos meses de xullo e agosto.

A persoa aboada terá acceso, con reserva previa, ás actividades de libre acceso programadas só para a categoría de persoas aboadas, sen máis límite que o aforo das salas e o cumprimento das normas. Tamén terá acceso prioritario á inscrición nas actividades programadas de non acceso libre, ben por reserva de prazas ou ben por reserva de franxa horaria.

A condición de persoa aboada perderase cando se incumpra a obriga de pagamento nos prazos establecidos na ordenanza fiscal da piscina municipal. Unha vez se lle aplique a baixa por este motivo non poderá darse de alta novamente ata estar ao corrente dos pagamentos pendentes.

A matrícula de persoa aboada deberá ser pagada no momento da inscrición, e no suposto de que se cause baixa na instalación por un período de 15 días sen motivo xustificado, terá que volver a aboar a matrícula para anotarse outra vez, o cambio de cota de tipo de persoa aboada sen período de baixa non suporá o pagamento dunha nova matrícula.

## 7.2. Asistentes aos cursos.

As persoas de curso son aquelas que se inscriben a un curso dirixido por unha persoa monitora. Os cursos poderán ser de actividades acuáticas ou de actividades de sala, e a súa vez poderán ser exclusivamente para persoas abonadas ou para persoas aboadas e persoas de curso.

Para actividades acuáticas existirán ao longo do ano os seguintes cursos que se poderán incrementar en función da demanda:

*Para bebés*, entre 6 meses e 2 anos.

*Pre mamá*, para embarazadas.







*Iniciación* para persoas que comezan a nadar e que as persoas monitoras consideren axeitadas para esta actividade tanto en idade infantil entre 3 e 14 anos e para persoas adultas a partir dos 15 anos en diante.

*Perfeccionamento* para persoas que xa saben nadar e que as persoas monitoras consideren axeitadas para esta actividade tanto en idade infantil entre 3 e 14 anos e para persoas adultas a partir dos 15 anos en diante.

*Escolar* para niveis de ensino obrigatorio de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, e no ensino superior tanto en Bacharelato como Formación Profesional previo acordo cos membros da comunidade educativa (dirección dos centros e/ou Anpas).

*Ximnasia na auga* para persoas de 15 anos en diante.

O acceso aos cursos é un dereito da persoa inscrita nesta modalidade para o horario e o lugar marcado para o desenvolvemento do mesmo. Se non se trata de persoa aboada o acceso á instalación terá lugar 15 minutos antes do inicio da actividade e a hora de saída da instalación será de 15 minutos despois da finalización da mesma.

Teñen dereito á formación, corrección, supervisión e seguimento por parte da persoa monitora e teñen a obriga de pagar as tarifas correspondentes ao curso.

A empresa prestadora dos servizos xunto ao Concello de Bueu será a encargada de programar nas diferentes franxas horarias das actividades e cursos que sexan só para persoas aboadas e persoas de curso, e dentro destas últimas, determinar as prazas reservadas para as persoas aboadas.

O concepto de persoa de curso ten carácter intemporal, a persoa usuaria permanecerá de alta ata que comunique a súa baixa ou incumpra algunha das obrigas deste regulamento. Unha vez se dea de baixa como persoa de curso por incumprimento na obriga de pagamento, non se poderá volver a dar de alta mentres non se atope ao corrente dos pagamentos pendentes.

### 7.3. Entradas de uso libre

Son as persoas que acceden puntualmente á instalación cunha entrada de uso libre xeral ou reducida segundo se estableza na correspondente ordenanza. Terán acceso á instalación durante un tempo máximo de (1) día. Poden empregar os vestiarios e os espazos que non estean reservados de xeito exclusivo a persoas aboadas ou de cursos.

## **ARTIGO 8º- INSCRICIÓN EN CURSOS E ACTIVIDADES**

8.1. Tódalas persoas que desexen inscribirse nun curso, actividade ou abono, deberán cumprimentar o formulario de inscrición correctamente no momento da inscrición que incluíra ademais os documentos perceptivos de protección de datos de carácter persoal. Será preciso facilitar os datos bancarios no caso da domiciliación dos recibos, antes do día 15 do mes no que se formaliza a matrícula.

No caso dos menores de idade, a folia de inscrición será asinada pola nai/pai ou persoa titora legal. Se ten acceso a unha tarifa especial deberá presentar no momento da inscrición a documentación acreditativa de tal circunstancia tal e como establecera a ordenanza fiscal reguladora da piscina municipal.





8.2. O alumnado quedará inscrito nun curso tras satisfacer a cota do curso de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora, e cumprir con tdoos os trámites de inscrición. Esta non causará efecto mentres non se cumpran todos os requisitos establecidos.

8.3. Forma de pagamento: a matrícula, o abono do primeiro mes ou o curso escollido, pagaránse en efectivo ou a través de medios electrónicos de pagamento na recepción ou de xeito telemático no momento de formalizar a inscrición. Os demais pagamentos faránse por domiciliación ou transferencia bancaria, de acordo cos datos facilitados na folia de inscrición. Os recibos pasaránse de forma anticipada a partir do día 25 do mes anterior ao que se contrata.

8.4. Para darse de baixa do abono ou do curso será necesario comunicalo por escrito a través dos formularios dispoñibles para dito trámite tanto físicos na piscina municipal e no rexistro municipal como na sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) sendo obrigatoria a súa presentación ou presencialmente no rexistro ou de xeito telemático. Terá que facerse antes do día 20 do mes anterior ao que se produce a baixa efectiva. As persoas aboadas e de curso dadas de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente todos os trámites de alta.

8.5. Calquera trámite de cambio de horarios ou actividades deberá ser solicitado na recepción da instalación cumprimentando os impresos establecidos para tal efecto de xeito físico ou telemático. En ningún caso se dará por validado mentres non sexa comunicado polo persoal da instalación.

8.6. Os cambios internos de persoas xa inscritas, xa sexan de nivel propostos polo persoal do centro, ou de grupo e/ou hora solicitado pola persoa usuaria, resolveránse antes de ofertar esas prazas liberadas o día 27 ou 28 de cada mes para novas inscricións.

### **III. NORMATIVA FUNCIONAMENTO**

#### **ARTIGO 9º – NORMATIVA DE USO DAS INSTALACIÓNS**

##### **A-XERAL**

###### *9.1 Recomendación:*

9.1.1 Utilizar a vestimenta e o calzado axeitado.

9.1.2 Hidratarse antes, durante e despois do exercicio.

9.1.3 Antes de comezar a actividade é preciso un bo quencemento.

9.1.4 Non utilizar xoias, aneis, cadeas ou elementos similares.

9.1.5 Seguir as indicacións do persoal técnico.

9.1.6 Antes de comezar, e sobre todo si se leva tempo se facer exercicio, débese consultar co médico.

###### *9.2 Básica:*





9.2.1 A empresa prestadora do servizo e o Concello de Bueu contan cun seguro de responsabilidade civil derivado da actividade.

9.2.2 A empresa prestadora do servizo e o Concello de Bueu non se responsabilizan da perda, cambio, roubo ou deterioro dos elementos persoais depositados nos vestiarios nin noutras partes das instalacións que non sexan gardados correctamente nin nos vestiarios nin noutras partes das instalacións.

9.2.3 A empresa prestadora do servizo e o Concello de Bueu poñen a disposición das persoas usuarias un servizo de armarios nos vestiarios para gardar os elementos persoais que terán como uso máximo ata que se abandone a instalación. A xestión da apertura das mesmas poderán conlevar un control desde a recepción a través de diferentes medios, e poderase proceder a súa apertura ao finalizar cada xornada para ser baleiradas.

9.2.4 Non está permitido desprazarse dentro da instalación con patinetes, triciclos, monopatíns ou calquera medio similar que non sexa motivado pola necesidades propias derivadas de problemas de mobilidade.

9.2.5 A persoa usuaria da instalación afirma coñecer e comprometerse a respectar esta normativa no momento de asinar a folla de inscrición.

9.2.6 Débense respectar os horarios e os espazos destinadas ás diferentes actividades.

9.2.7 É obrigatorio seguir as indicacións do persoal e as que aparecen en diferentes elementos de sinalética referidas á normativa.

9.2.8 O persoal do centro está autorizado pola dirección do centro e polo Concello de Bueu para facer cumprir e respectar a normativa vixente.

9.2.9 O material didáctico empregado ou prestado tanto no vaso como nas salas debe colocarse no seu sitio despois do seu uso.

9.2.10 Non está permitida a entrada ás instalacións a persoas que padezan enfermidades infecciosas ou contaxiosas, especialmente afeccións cutáneas sospeitosas.

9.2.11 Non se permitirá á entrada nos distintos espazos deportivos cando se supere o aforo máximo permitido.

9.2.12 Non se permite o acceso ao recinto con animais, agás os cans guías.

9.2.13 O acceso de menores de idade estará determinada pola normativa específica de cada espazo e/ou actividade.

9.2.14 Non se permite fumar en todo o recinto deportivo, incluíndo a entrada da instalación.

9.2.15 Está prohibido o uso de cámaras fotográficas e de vídeo sexan do tipo que sexan, incluíndo a funcionalidade do mobil ou outros dispositivos similares, sen a autorización previa da empresa prestadora do servizo e do Concello de Bueu.

9.2.16 O uso antihixiénico ou incorrecto das instalacións pode ser motivo de expulsión e perda da condición de persoa aboada.





9.2.17 Deberá gardarse o debido respecto aos resto de persoas usuarias, observando a compostura necesaria para a boa convivencia.

9.2.18 Deberanse respectar os equipamentos e os espazos. O feito de realizar un mal uso e ocasionar deliberadamente ou negligentemente danos na instalación e ou no material, poderase implicar a obriga de repoñer os mesmos e unha sanción a determinar pola dirección do centro e do Concello de Bueu.

9.2.19 Non se poderán introducir nas instalacións deportivas elementos ou obxectos que poidan causar lesión, deteriorar os equipamentos ou perturbar a tranquilidade das persoas usuarias.

9.2.20 Deberanse respectar os horarios de funcionamento da instalación, non podendo permanecer no centro deportivo tralo peche se non se conta cunha autorización por parte da dirección ou do Concello de Bueu, e tendo que abandonarse os espazos deportivos 15 minutos antes do peche da instalación.

## **B-NORMATIVA DOS VESTIARIOS**

### *9.3 Básicas*

9.3.1 É obrigatorio o uso de chancletas limpas para ducharse e camiñar polo vestiario.

9.3.2 Por razóns de hixiene, é preciso empregar unha toalla para sentarse nos bancos cando se estea espido.

9.3.3 Non se pode comer nos vestiarios.

9.3.4 Non está permitido barbearse, depilarse, tinguirse ou calquera acción de hixiene persoal de carácter similar.

9.3.5 Deberanse depositar os residuos nos receptáculos destinados a tal uso.

9.3.6 A persoa usuaria tentará manter en todo momento a hixiene do vestiario, e avisará á dirección ante calquera incidencia que afecte á mesma.

9.3.7 Non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso da instalación, agás un acompañante por menor de 7 anos ou persoas coa mobilidade reducida ou discapacidade. O vestiario mixto prevé que se combine unha persoa adulta de calquera sexo para cambiar a un menor de 7 anos.

9.3.8 A persoa usuaria deberá gardar a debida compostura e decencia. Non está permitido gritar, correr polos corredores e en xeral toda actividade que poida molestar ás demais persoas usuarias.

9.3.9 A empresa prestadora do servizo e o Concello de Bueu non se fan responsables dos obxectos perdidos ou esquecidos nos vestiarios que non foran gardados correctamente.

### *9.4 Duchas e lavabos*

9.4.1 A ducha debe empregarse so durante o tempo preciso para facer un uso responsable dun recurso natural escaso como é a auga.

9.4.2 Está prohibido empregar botellas e outros envases de vidro.





9.4.3 Está prohibido barbearse e depilarse.

9.4.4 Está prohibido remollar a roupa ou o calzado nos lavabos.

9.4.5 As billas e os mandos das duchas deben manipularse con coidado.

9.4.6 As persoas acompañantes non poderán acceder ás duchas, e de ter que facelo para asistir a unha persoa menor ou coa mobilidade reducida terán que facelo cunhas chancletas.

### 9.5 Armarios

9.5.1 Todas as persoas usuarias poden gozar dun armario nos vestiarios de uso puntual dotado de sistema de peche que pode ser proporcionado na recepción ou aportado pola propia persoa usuaria de ser preciso o cambio de sistema de chave.

9.5.2 Só se permite o uso dun armario por persoa.

9.5.3 Nos bancos e nos percheiros non se poden quedar roupa ou efectos persoais.

9.5.4 Os armarios son de uso puntual e teñen que quedar libres unha vez finalizada a sesión. Revisaranse ao final do día e baleiraranse si quedan obxectos perdidos que se gardarán por un período de 15 días.

9.5.5 Hai que tratar a pechadura e as portas sen brusquedades.

9.5.6 En caso de perda da chave ou elemento similar que se empregue para os armarios débese avisar ao persoal da recepción.

9.5.7 A empresa prestadora dos servizos e o Concello de Bueu non se farán cargo dos peches persoais utilizados que teñan que forzarse por causa de non deixar baleiro o armario ou por causa de forza maior.

### 9.6 Vestiario mixto

9.6.1 O vestiario mixto/ infantil está orientado á cativada que vai acompañada de persoas adultas de diferente sexo. Tan só se permite unha acompañante por persoa cativa.

9.6.2 A cativada ata os 7 anos deberá facer uso deste vestiario na compañía dunha persoa adulta. A partir dos 7 anos a cativada deberá cambiarse soa e poderán empregar ps vestiarios mixtos ou os de persoas adultas.

9.6.3 As persoas adultas que acompañen á cativada non poderán entrar na zona de duchas. De facelo pola necesidade dalgunha persoa menor deberán ir con chancletas.

9.6.4 A dirección do centro e o Concello de Bueu poderán establecer en temporada escolar que non haxa presenza de cativada nas instalacións durante a mañá que se poida empregar este vestiario por parte doutras persoas usuarias cando estean cheos ou con algún problema os de homes ou mulleres.

## C- NORMATIVA NA PISCINA

### 9.7 Básica





9.7.1 Débense seguir en todo momento as indicacións do persoal de recepción, socorristas e/ou monitores e da cartelería disposta no vaso da piscina.

9.7.2 A utilización que se determine das rúas, tanto de uso libre como de curso, estará en función da demanda existente e indicaranse ademais de polo socorrista na cartelería existente no vaso da piscina. Poderán distribuírse como nado lento, nado rápido e nado cursos. A empresa prestadora do servizo será quen determine o uso das diferentes rúas nas diferentes franxas horarias.

9.7.3 Para a realización das clases de ximnasia na auga (aquagym) a persoa monitora poderá limitar varias das rúas da piscina ao ancho das mesmas para levala a cabo na zona menos profunda do vaso, avisando con antelación no taboleiro informativo e nos medios de difusión das actividades da piscina.

9.7.4 As persoas usuarias que non sexan autosuficientes non poderán acceder á piscina agás se inscriban nun curso ou acompañados dunha persoa monitora si se trata de persoas con necesidades especiais.

9.7.5 As persoas aboadas terán acceso ao uso de material que a piscina poña a disposición dos mesmos ao igual que as que asistan aos cursos, tendo que colocalos no seu sitio tras ser usados. No caso das persoas accedan de xeito libre deberán consultar a dispoñibilidade do material ao socorrista ao ter preferencia os outros dous tipos de persoas usuarias.

9.7.6 É obrigatorio o uso de gorro de baño agás as persoas calvas.

9.7.7 O uso de palas ou aletas está restrinxido ao nivel de ocupación da piscina, polo que será a persoa socorrista a que autorice en cada momento a posibilidade de uso en cada momento e nun espazo determinado. Tamén se poderán marcar franxas horarias nas que non estea permitida esta práctica que terán que ser informadas á entrada da instalación no taboleiro de anuncios.

### *9.8 Imprescindible:*

9.8.1 Ducharse sempre antes de entrar na auga.

9.8.2 Empregar roupa de baño e chancletas axeitadas e limpas.

9.8.3 O acceso ao vaso ten que ser polas escaleiras/cadeira ou de xeito seguro sen tirarse con violencia e nunca de cabeza. Ter en conta as diferentes profundidades do vaso ante de facer uso do mesmo con fin de evitar accidentes.

9.8.4 Respectar os niveis das rúas libres (nado lento, nado rápido e nado cursos) en base á sinalización existente é as consideracións da persoa socorrista.

9.8.5 Nadar sempre polo lado dereito da rúa.

### *9.9 Non está permitido*

9.9.1 Entrar con calzado ou roupa de rúa agás o persoal de recepción, mantemento e limpeza que deberá empregar calzas.





9.9.2 As actividades que supoñan un risco: correr, saltar de cabeza, empuxar, apneas continuadas, flotadores inchables infantís, pelotas, colchóns inchables ou realizar xogos perigosos.

9.9.3 Pasar dunha rúa a outra agás para abandonar o vaso polas escaleiras/cadeira, nin agarrarse nas corcheiras.

9.9.4 O acceso ao vaso con gomas de mascar, apósitos adhesivos.

9.9.5 Acceder en caso de ter infeccións da pel, feridas superficiais e/ou enfermidades infecto-contaxiosas.

9.9.6 Levar mochilas de roupa ou útiles persoais que se deben deixar nos vestiarios.

9.9.7 Nin comer, nin acceder con recipientes de vidro.

9.9.8 As persoas adultas que accedan con menores de 12 anos terán que acompañar á cativada en todo momento non podendo utilizar zonas diferentes ás que estean empregando eles.

## **C- NORMATIVA DA SAUNA**

### *9.10 Básicas:*

9.10.1 Previo ao seu uso é preciso consultar cun profesional médico sobre a utilización deste servizo.

9.10.2 Respetar os protocolos e tempos de uso que se recomentan nos circuítos establecidos que nunca superarán os 15 minutos.

9.10.3 É recomendable o emprego da sauna despois de realizar exercicio físico e non antes.

9.10.4 É importante un bo nivel de hidratación antes e despois dunhas sesión, podendo tamén facerse duchas de auga fría.

9.10.5 O uso é para persoas usuarias maiores de 12 anos. Os menores de 16 anos deberán ir acompañados por unha persoa adulta, que será a responsable do correcto uso do menor desta zona.

### *9.11 Imprescindible*

9.11.1 A ducha previa antes de acceder á sauna.

9.11.2 A ducha antes de acceder ao vaso despois de usar a sauna.

9.11.3 O uso do bañador e calzado de baño na sauna para sentarse ou acostarse. Debe utilizar unha toalla de uso persoal e para acceder á parte superior hai que facelo descalzo.

9.11.4 Respetar o espazo do resto de persoas usuarias. O aforo máximo da sauna é de dez persoas.

9.11.5 Non se pode berrar nin falar alto.





9.11.6 Deberase manter unha conduta correcta e decorosa.

#### *9.12 Non está permitido*

9.12.1 Uso de xeles, cremas de baño ou produtos similares.

9.12.2 Barbearse nin depilarse.

9.12.3 Verter ningún tipo de líquido sobre a sauna.

### **F) NORMATIVA DA SALA DE MUSCULACIÓN**

#### *9.13 Básicas*

9.13.1 Antes de facer exercicio é recomendable consultar cun profesional médico.

9.13.2 O persoal técnico da sala de musculación está para axudar e ensinar pautas de traballo e reorientar os obxectivos, así como o correcto uso do material da sala. É imprescindible seguir as súas indicacións.

9.13.3 Hidratarse de forma axeitada, antes, durante e despois da sesión.

9.13.4 Recomendase utilizar o pulsómetro para asegurar a intensidade do esforzo durante a sesión.

9.13.5 O acceso á sala de musculación e aos materiais da mesma poderase limitar por requirir reserva previa; ser para cursos; ter un acceso de limitación por idade.

#### *9.14 Imprescindible*

9.14.1 Utilizar roupa e calzado deportivo que non se utilice na rúa.

9.14.2 Levar unha toalla para utilizar nas máquinas e aparatos para secar a suor nas máquinas e no material empregado.

9.14.3 Facer un uso correcto das máquinas e aparatos, así como dos seus pesos.

9.14.4 Deixar as máquinas libres durante os tempos de descanso.

9.14.5 Colocar o material no lugar correspondente unha vez empregado.

9.14.6 Respetar o tempo de uso máximo da maquinaria da zona cardiovascular en horas punta, que estarán debidamente informadas na instalación. Sempre que exista lista de espera será de 20 minutos.







### 9.15 *Non permitido*

9.15.1 Inxerir alimentos sólidos.

9.15.2 Empregar recipientes de vidro.

9.15.3 Levar a cabo tarefas de asesoramento ou adestramento a outras persoas usuarias da instalación. Este labor compete ao persoal técnico da empresa prestadora do servizo.

9.15.4 A entrada con mochilas ou bolsos.

9.15.5 Pedir ao persoal técnico que garden obxectos persoais.

9.15.6 Adestrar co corpo descuberto, con roupa ou calzado de rúa e con calzada que non sexa o axeitado.

## **G- NORMATIVA DE RESERVAS**

Será preciso realizar unha reserva en actividades ou servizos que requiran dun espazo deportivo específico. Entre as actividades que requiren de reserva previa estarán as actividades dirixidas e as actividades puntuais.

### 9.16 *Reservas actividades dirixidas (só para persoas aboadas).*

9.16.1 Consideracións previas.

9.16.1.1 As reservas serán persoais. Non se pode facer a reserva por outra persoa aínda que estea no mesmo abono.

9.16.1.2 Non se permite facer máis de dúas reservas da mesma actividade ao día.

9.16.1.3 A empresa prestadora dos servizos poderá facer cambios na oferta de actividades e nos seus monitores. A oferta publicarase o primeiro día de cada mes.

9.16.1.4 O número de prazas máximas para a reserva a través de medios telemáticos será do 60% do total, deixándose sempre como mínimo o 40% restante para anotarse na propia recepción.

9.16.1.5 As reservas por medios telemáticos faranse a través dos formularios web que poña a disposición das persoas aboadas a empresa prestadora dos servizos, que poderán facerse tamén a través de APP para móbiles ou tabletas, e nunca a través de correos electrónicos.

9.16.1.6 Débese anular calquera reserva que non se vaia a utilizar coa maior antelación posible para que poida ser empregada por xente en lista de agarda.

9.16.2 Características das reservas:

9.16.2.1 Posibilidade de realizar a reserva desde 48 horas de antelación.





9.16.2.2 Posibilidade de realizar reserva ata o momento de inicio da actividade.

9.16.2.3 Poderase facer reserva de ata tres actividades por persoa e día.

9.16.2.4 Poderase cancelar a reserva ata 15 minutos antes do inicio da actividade.

9.16.2.5 O período de validación das reservas realizadas comezará 5 minutos antes do comezo da actividade e finalizará xusto na hora de comeza da mesma.

9.16.2.6 A validación farase pasando o elemento de control de acceso polo dispositivo que coloque a empresa prestadora do servizo nas salas de actividades.

9.16.2.7 Ao inicio da actividade quen non realice a validación perderá a reserva.

9.16.2.8 Con prazas libres ao inicio da actividade, o acceso e a validación son o mesmo procedemento e finaliza pasados 5 minutos.

9.16.2.9 Non se poderá acceder ás actividades unha vez comezadas.

9.16.3.10 Nas actividades con reservas numeradas será obrigatorio utilizar o espazo ou o elemento reservado (ciclo ou spinning).

9.16.3.11 No suposto de non asistir a tres reservas feitas e non anuladas, penalizarase cunha semana sen poder reservar ningunha actividade.

9.16.3.12 As indicacións de aforo por espazos estará limitado ás prazas ofertadas.

### *9.17 Actividades puntuais*

Para as actividades puntuais de carácter deportivo, de saúde e/ou de fomento de hábitos saudables será a dirección do centro ou o Concello de Bueu os que comuniquen as normas que rexerán para estas, de xeito previo a súa realización e sen que supoñan unha vulneración da normativa do propio regulamento de rexime interno.

## **H- NORMATIVA DAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS E CURSOS**

### *9.18 Básicas*

9.18.1 O horario das actividades estará exposto para o coñecemento das persoas usuarias nos puntos de información habituais ademais de remitirse ás persoas aboadas a través de correos masivos.

9.18.2 As actividades dirixidas realizaranse en salas específicas e na piscina.

9.18.3 As salas estarán pechadas durante as horas nas que non se impartan actividades.

9.18.4 Hidratarse de forma axeitada, antes, durante e despois da sesión.

9.18.5 As persoas menores de 16 anos non poderán asistir ás actividades dirixidas agás as que se programen para esas franxas de idade. Entre 14 e 16 anos o monitor poderá permitir o acceso





sempre e cando se presente unha autorización dalgún dos proxenitores, a actividade sexa apropiada ao seu nivel físico e técnico, e mostrando un comportamento axeitado.

9.18.6 O acceso ás salas de actividades ou a materiais da mesma poderase limitar por requirir reserva previa; por ser para cursos; por estar con limitación de idade.

9.18.7 Nas actividades acuáticas realizarase unha proba de nivel que determinará o seu nivel de natación, e que lle dará acceso a uns grupos determinados cuns horarios nos que estea aberta a inscrición.

9.18.8 Nas actividades acuáticas os cambios de hora/actividade solicitaranse por escrito en recepción ou a través de medios electrónicos para analizar a dispoñibilidade de prazas. É o equipo técnico da instalación o que decide a viabilidade do cambio. No caso das actividades formativas, só se admitirán solicitudes para cambios dentro do mesmo nivel.

9.18.9 Nas actividades acuáticas realizarase unha avaliación continua. No momento no que a persoa usuaria de curso cumpra obxectivos de nivel, o equipo técnico comunicarllo á persoa interesada, facilitándolle a incorporación ao seguinte nivel, en función da ocupación do mesmo.

9.18.10 Nas actividades infantís, cando as persoas menores de 7 anos veñan acompañadas, a empresa prestadora do servizo faise responsable da persoa menor no momento no que a persoa monitora o recolle nos vestiarios e o devolve aos mesmos unha vez rematado o curso. Antes do inicio da actividade e despois de finalizar a mesma, a responsabilidade é das persoas acompañantes, tendo a obriga estas de estar nos vestiarios acompañando á cativada antes da chegada do persoal monitor, e unha vez finalizada a actividade esperando polo regreso.

9.18.11 Os días festivos non haberá clases e estas non serán recuperables.

### 9.19 Imprescindibles

9.19.1 Acceder aos espazos de actividades con reserva previa.

9.19.2 Vestir con roupa deportiva e levar calzado axeitado que non se usase na rúa.

9.19.3 Utilizar o material correctamente, seguindo as indicacións do persoal técnico e colocándoo de volta no lugar sinalado ao finalizar a sesión.

9.19.4 Acudir á sesión con puntualidade.

9.19.5 Utilizar toalla nos exercicios que se realicen sobre unha colchoneta ou calquera superficie de uso común.

9.19.6 Respetar o aforo máximo para cada unha das actividades.

### 9.20 Non está permitido:

9.20.1 Inxerir alimentos sólidos.





9.20.2 Usar recipientes de vidro.

9.20.3 A entrada con mochilas e bolsos.

9.20.4 Adestrar a corpo descuberto, con roupa de rúa ou calzado non axeitado.

9.20.5 Pedir ao persoal técnico que garden obxectos persoais.

## **K- NORMATIVA DE ALUGUER**

O Concello de Bueu disporá das salas da primeira planta (branca e vermella) para poder alugalas para algunha actividade que considere de interese para a saúde e o deporte, en base ao establecido na ordenanza fiscal e sen que medie a empresa prestadora do servizo agás nos traballos de recepción, limpeza e mantemento. Tamén poderá facer o mesmo para a piscina de ser o caso para a realización dalgunha actividade que restrinxa o uso das persoas aboadas.

## **IV- PROCEDEMENTO SANCIONADOR.**

### **ARTIGO 10º- INFRACCIÓNS E SANCIONES**

Considéranse infraccións leves os incumprimentos da normativa de uso das instalacións contempladas no presente regulamento. Estas serán comunicadas polo propio persoal da instalación e o Concello de Bueu (concellería de Deportes e/ou Alcaldía) a través dun aviso que poderá ser verbal ou por escrito. No caso de exceder dos cinco avisos poderán tornarse en infraccións graves.

Considéranse infraccións graves a reiteración nos incumprimentos da normativa de uso das instalacións a partires do quinto aviso.

O incumprimento do previsto no presente regulamento poderá dar lugar á expulsión do recinto de xeito temporal no caso de acumular faltas leves, perdendo posteriormente no seu caso a condición de persoa aboada ou participante na actividade, non tendo dereito á devolución da cota si se acumulan cando se dan as infraccións graves. O procedemento resolutorio corresponderalle á Alcaldía do Concello de Bueu.

Con independencia do previsto nos parágrafos anteriores, si se produce desperfecto, deterioro ou rotura dalgún elemento da instalación ou do material deportivo por un mal uso, a persoa infractora deberá aboar o importe das reparacións e reposicións do material que haxa que levar a cabo por parte da empresa prestadora do servizo.

A todos os efectos serán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades organizadoras da actividade ou, no seu caso, aquelas asociacións ou colectivos que teñan feito o aluguer de uso da instalación. A reincidencia na comisión de infraccións poderá dar lugar á anulación ou suspensión temporal das reservas que teñan concertado.





## DISPOSICIÓN FINAIS

O non previsto no presente regulamento aparecerá reflectido na ordenanza fiscal reguladora por prestación de servizo. Ademais tamén se terá en conta a normativa específica que afecta a estes tipos de instalacións e aos seus servizos como poden ser Decreto 122/1995, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 53/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo; a Orde do 23 de maio de 1995 pola que se regula a solicitude de apertura e reapertura de piscinas de uso colectivo e se aproba o libro de Rexistro Oficial de Control Sanitario para ditas instalacións; Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia

; Orde do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia; Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia; Decreto 54/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.

A interpretación das normas deste Regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello de Bueu, Alcaldía ou en quen delegue, que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación”.

